



*Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se procede a adxudicar provisionalmente o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización ao alumnado de atención preferente*

Mediante Orde do 4 de abril de 2018 convocouse concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización ao alumnado de atención preferente (DOG núm. 77, do 20 de abril), modificada pola Orde do 26 de abril de 2018 (DOG núm. 85, do 3 de maio).

O artigo sexto, sobre resolución provisional do concurso, establece que, logo de realizada a valoración dos méritos, publicarase na páxina web [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) a resolución provisional do concurso de méritos específico xunto coa adxudicación das prazas, o baremo, a relación de persoas excluídas e a causa da súa exclusión.

Na súa virtude esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Primeiro. Publicar no anexo I a adxudicación provisional das prazas obtidas no concurso de méritos específico convocado pola referida orde.

Segundo. Publicar no anexo II o baremo provisional das persoas participantes no concurso de méritos específico agás o das persoas excluídas provisionalmente deste que se publican no anexo III xunto coas causas de exclusión.

Terceiro. As persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas no prazo de cinco días hábiles desde o seguinte o da publicación desta resolución na páxina web [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal).

Así mesmo, poderán fomular no mesmo prazo renuncia á participación no concurso de méritos específico, o que implicará a renuncia a todas as peticións formuladas neste.

Cuarto. As reclamacións e renuncias poderán presentarse nos lugares aos que alude o artigo terceiro da orde de convocatoria do concurso e remitiranse ademais ao correo electrónico [persoal.primaria@edu.xunta.es](mailto:persoal.primaria@edu.xunta.es) dentro do prazo establecido.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela  
O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

